



## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE QUÍMICA (Aprobado en Consello de Goberno do 20 de xullo de 2017)**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O presente regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro) e no Regulamento Marco de Departamentos, aprobado polo Consello de Goberno o 23 de novembro de 2016.

A regulación básica de organización e funcionamento do Departamento de Química fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto:

- a) Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Real Decreto Lei 14/2012, do 20 de abril.
- b) Decreto 101/2004 do 13 de maio (DOG 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, que aproba os Estatutos da Universidade da Coruña.
- c) Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, nos que son de obrigado cumprimento ou que con carácter subsidiario foren de aplicación.

### **TÍTULO PRELIMINAR: DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN**

#### **Artigo 1. Obxecto do regulamento.**

O presente regulamento establece e regula o funcionamento e organización do Departamento de Química.

#### **Artigo 2. Ámbito de aplicación.**

O presente regulamento será de aplicación ao Departamento de Química da Universidade da Coruña, constituído polas áreas de coñecemento Enxeñaría Química, Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química

Orgánica, e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto sexan membros do mesmo.

### **Artigo 3. Réxime xurídico.**

1. O Departamento de Química rexerese pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondentes órganos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.

2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicaranse as Leis 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. A súa xestión estará ordenada polo principio de prevalencia dos órganos colexiados sobre os unipersoais, do respecto as minorías e da participación libre e por igual de todos os seus membros, na forma disposta no presente Regulamento.

4. Contra as resolucións e acordos dos órganos unipersoais ou colexiados do departamento, poderase formular recurso de alzada no prazo dun mes perante o Reitor, e perante o Consello de Goberno, tratándose de acordos do Consello de Departamento. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdición contencioso-administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdición.

5. Os órganos de goberno do Departamento de Química asumen o uso da lingua galega de acordo co regulamento xeral de uso da lingua galega na UDC.

## **TÍTULO I: NATUREZA E FUNCÍONS**

### **Artigo 4. Natureza.**

O Departamento de Química é unha unidade de docencia e investigación encargado de coordinar o ensino encomendado ás áreas de coñecemento de Enxeñería Química, Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica nos centros nos que impartan docencia, de acordo coa programación docente da Universidade e de ditos centros. Asemade, lle compete o apoio das actividades docentes e investigadoras do PDI e das demais funcións que lles sexan encomendadas polos Estatutos da UDC.

## **Artigo 5. Funcións.**

Son funcións do Departamento:

- a) Organizar e desenvolver, nos diferentes ciclos dos estudos universitarios, as ensinanzas propias das áreas de coñecemento da súa competencia.
- b) Apoiar as actividades e iniciativas investigadoras do persoal adscrito ás áreas de coñecemento da súa competencia.
- c) Contratar con entidades públicas ou privadas, ou con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización.
- d) Participar na elaboración de planos de estudo, no procedemento de selección do persoal docente e investigador e nos procesos de avaliación da calidade institucional.
- e) Calquera outra que lles asignen as disposicións legais vixentes e os Estatuto da UDC.

## **TÍTULO II: DA ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO**

### **CAPÍTULO I. DA ESTRUTURA DO DEPARTAMENTO**

#### **Artigo 6. Persoal pertencente ao Departamento de Química.**

O departamento agrupa ao persoal docente e investigador da Universidade, funcionario e contratado, ao persoal de investigación, bolseiros/as de investigación, estudantes e ao persoal de administración e servizos que estean adscritos á él.

#### **Artigo 7. Adscrición**

A adscrición do profesorado ao departamento farase atendendo á convocatoria de cada praza. Calquera mudanza de adscrición deberá ser acordada polo Consello de Goberno por instancia da persoa interesada e logo do informe dos departamentos afectados.

O Departamento de Química ten asignada a Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación (UADI) da Facultade de Ciencias.

#### **Artigo 8. Grupos de investigación**

O departamento fomentará a constitución de grupos e redes de investigación en que participen os seus investigadores. As relacións entre o departamento e os grupos de investigación en que participen os seus membros acomodaranse á normativa que para este efecto dite o Consello de Goberno.

## **CAPÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO**

### **Artigo 9. Órganos de goberno do departamento.**

Para o goberno, representación e administración do departamento establécense os seguintes órganos:

- a) Colexiados:
  - Consello de Departamento.
- b) Unipersoais:
  - Director/a de departamento
  - Secretario/a de departamento

## **SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **Artigo 10. Concepto.**

O Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno do departamento.

### **Artigo 11. Composición do Consello de Departamento e outras cuestións.**

1. O Consello de Departamento comporase de:
  - a) O director ou directora, que o presidirá e o convocará e o secretario ou secretaria.
  - b) Todas as persoas doutoras vinculadas por relación funcional, laboral ou bolsreira á Universidade e todo o profesorado e axudantes sen título de doutor/a a tempo completo integrados no departamento.
  - c) Unha representación do profesorado a tempo parcial e do persoal investigador en formación que colabore na docencia e, de ser o caso, das persoas lectoras integradas no departamento, que suporá o 5 %.
  - d) Unha representación do estudiantado do ámbito da docencia do departamento que suporá un 28 % do total de membros do Consello.
  - e) Un/unha representante do persoal de administración e servizos adscrito á UADI da Facultade de Ciencias.
2. A elección da representación dos diferentes sectores no Consello de departamento realizarase de acordo co previsto no Regulamento Electoral da Universidade.

### **Artigo 12. Competencias do Consello de Departamento.**

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elixir o director ou directora e, de ser o caso, revogalo/a.
- b) Programar as actividades docentes e eventualmente investigadoras do departamento, elaborar o seu plano de organización docente e propor os

programas de doutoramento, de acordo coa Escola Internacional de Doutoramento.

- c) Formular as demandas do persoal docente e investigador.
- d) Organizar cursos ou estudos de posgraou ou especialización dentro do seu ámbito de competencia.
- e) Participar na selección e contratación do persoal docente e investigador.
- f) Propor nomeamentos de doutores/as *honoris causa*.
- g) Aprobar a distribución do orzamento anual do departamento e a súa execución.
- h) Elaborar o Regulamento de Réxime Interno do departamento.
- i) Informar as solicitudes de realización de congresos e xornadas científicas.
- j) Calquera outra competencia que lle for asignada polas disposicións legais vixentes e polos Estatutos da UDC.

### **Artigo 13. Funcionamento do Consello de Departamento.**

1. O Consello de Departamento reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, polo menos, unha vez cada semestre lectivo ao ano, e sempre que o/a director/a o convoque por propia iniciativa ou por solicitude dun tercio dos seus membros, en cuxo caso a sesión se realizará nos quince días seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día das sesións será fixada polo/a director/a tendo en conta, se for o caso, que calquera dos membros do Consello de Departamento poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, ese punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicítase antes de ter enviada a convocatoria.

3. A convocatoria será efectuada polo/a secretario/a do departamento, por orde do/a director/a ou de quen legalmente o/a substitúa. As convocatorias serán cursadas polo/a secretario/a, coa antelación mínima de dous días hábiles a través de medios electrónicos, e debe incluír a data, hora, lugar de realización da sesión, o sistema de conexión para a asistencia a distancia, así como a orde do día.

4. A documentación relativa aos asuntos a tratar na orde do día atoparase no repositorio institucional a disposición de todos os membros do Consello de Departamento polo menos con dous días de antelación á reunión do Consello.

5. Cando a natureza dos asuntos que se foren tratar así o requira, a xuízo do/a director/a, poderanse convocar ás sesións do Consello ou, se for o caso, ás dalgunha comisión ás persoas que se estime necesario, con voz mais sen voto.

6. As sesións extraordinarias do Consello de Departamento están sometidas aos mesmos requirimentos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con un día hábil de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes ou suxestións e preguntas. A documentación relativa

aos asuntos a tratar na orde do día atoparase no repositorio institucional a disposición de todos os membros do Consello de Departamento polo menos con un día de antelación á reunión do Consello.

#### **Artigo 14. Constitución.**

1. O Consello do Departamento poderase constituír e realizar as súas sesións tanto de forma presencial como a distancia. Neste último caso, os membros do órgano poderán asistir á reunión por medios electrónicos, considerándose tales aqueles que permitan asegurar a identidade da persoa, o contido e o momento en que se produzan as súas manifestacións, ben como a intercomunicación en tempo real.
2. Para a válida constitución do Consello de Departamento, requirirase en primeira convocatoria a asistencia, presencial ou a distancia, polo menos, da metade dos seus membros sempre que asistan os que ocuparen a dirección e a secretaría ou as persoas que, de ser o caso, as substitúan. De non se acadar este quórum, o órgano poderase constituír en segunda convocatoria coa presenza dun terzo dos seus membros e, en todo caso, de quen ocupe a dirección e a secretaría ou das persoas que, de ser o caso, as substitúan.

#### **Artigo 15. Asistencia e desenvolvemento das sesións**

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran.
2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.
3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a secretario/a do departamento.
4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 13.5.

#### **Artigo 16. Votacións e adopción de acordos.**

1. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Tampouco se poderán adoptar acordos nos puntos do orde do día correspondentes a “informes” ou “suxestións e preguntas”.
2. Os acordos serán adoptados por maioría de votos afirmativos sen se teren en conta as abstencións, agás, naqueles supostos en que se esixa legal ou regulamentariamente maioría absoluta ou cualificada. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da dirección.

3. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentes da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos. Quen votase en contra dun acordó maioritario poderá formular voto particular por escrito no prazo máximo de dous días que conta desde o remate da sesión.

4. As votacións poderán realizarse por asentimento por proposta do/a director/a do departamento, a man alzada, pública por chamamento ou secreta. O/a director/a do departamento decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser empregada cando o acordo que se deba adoptar tiver carácter persoal. Considéranse adoptados os acordos por asentimento cando as propostas sometidas ao Consello non suscitaren oposición de ningún membro deste e non requirise outra forma de votación ningún membro.

5. Para os asuntos específicos dunha área de coñecemento terase en conta a proposición da área correspondente sempre que non lesione os intereses lexítimos doutra/s área/s.

6. Iniciada unha votación, ésta non poderá interromperse.

### **Artigo 17. Actas.**

1. De cada sesión que teña lugar do Consello de Departamento redactará a acta o/a secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que achegasen xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, referencia sucinta das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

2. Poderanse gravar as sesións que realice o órgano colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario/a da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesión, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións. Neste caso, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e a autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do Consello.

3. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello de Departamento, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo que sinale o/a director/a, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días, que se incorporará ao texto aprobado.

5. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, puidese derivarse dos acordos.
6. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, podendo non obstante emitir o/a secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

### **Artigo 18. Comisión Permanente do Consello de Departamento.**

1. O Consello de Departamento poderá crear unha Comisión Permanente, na que delegará o exercicio das súas competencias, agás, ás que non poidan ser obxecto de delegación.
2. Os acordos que adopte a Comisión Permanente relativos a competencias delegadas polo Consello de Departamento serán comunicados aos membros deste por medios electrónicos nas datas seguintes a súa realización.
3. Os acordos da Comisión Permanente serán tomados por unanimidade dos presentes. De no obtela o asunto pasará a ser debatido no Consello do Departamento, entendéndose avocada automaticamente a competencia para a súa decisión.
4. Na Comisión Permanente deberán estar representados todos os sectores da comunidade universitaria que forman parte do Consello do Departamento.
5. A Comisión Permanente estará formada por:
  - a) O/a Director/a do Departamento que a presidirá.
  - b) O Secretario do Departamento que o será da Comisión.
  - c) Un profesor por cada unha das áreas de coñecemento que forman parte do Departamento.
  - d) Un estudante do 3º ciclo que forme parte do Consello de Departamento.
  - e) Un estudante de 1º ou 2º ciclo que forme parte do Consello de Departamento.
  - f) Un representante do persoal de administración e servizos que forme parte do Consello de Departamento.
6. Os membros da Comisión Permanente que non o sexan por razón dos seus cargos, serán elixidos polos sectores que representan e por un periodo de dous anos.
7. A Comisión Permanente estará encargada da resolución dos asuntos de trámite, así como de todas aquelas funcións que o Consello de Departamento expresamente lle delegue.
8. No seu funcionamento rexeráse polas mesmas normas recollidas nos artigos 13 a 17 do presente regulamento.
9. Para a súa renovación seguiranse os mesmos criterios que establece o artigo 11 do presente regulamento, polo disposto para os Consellos de Departamento, no



Regulamento de Réxime Electoral da Universidade ou, se for o caso, polos acordos da Xunta Electoral.

### **Artigo 19. Das comisión de estudo e asesoramento.**

O Consello de Departamento poderá crear, con carácter temporal ou permanente, comisións de estudo e asesoramento de carácter non decisorio. O acordo de creación determinará as súas funcións e composicións.

## **SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

### **Artigo 20. Do/a director/a do departamento.**

1. A dirección do departamento é o órgano que ten a encomenda de dirixir, xestionar e representar o departamento.
2. O/a director/a do departamento é nomeado/a polo reitor, logo da elección polo Consello de Departamento entre o profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade e dedicación a tempo competo.
3. De non se poder efectuar o nomeamento do/a director/a do departamento por falta de candidatos/as que reúnan os requirimentos esixidos, unha vez oído o Consello de Departamento o reitor encargalle provisionalmente as funcións de dirección a un/unha dos/as profesores/as do departamento.
4. A duración do mandato será de catro anos, e só se poderán presentar a unha única reelección.
5. O/a director/a de departamento cesará nas súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada nos termos que regulamentariamente se establezan.
6. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular, as funcións de dirección serán exercidas polo PDI adscrito ao departamento de máis categoría e, dentro dela, con maior antigüidade.

### **Artigo 21. Funcións do/a director/a do departamento.**

Correspóndelle ao/á director/a de departamento:

- a) Exercer a representación do departamento.
- b) Presidir e convocar o Consello de Departamento e executar os seus acordos.
- c) Dirixir, coordinar e supervisar as actividades do departamento.
- d) Coordinar coa UADI correspondente a atención ás necesidades administrativas e de xestión do departamento.
- e) Promover contratos, de acordo co previsto na lei e nos estatutos.
- f) Executar as previsións orzamentarias.

- g) Propor ao/a reitor/a o nomeamento, de entre o profesorado adscrito ao departamento, como secretario/a do departamento.
- h) Formar parte da Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado, no caso de que a praza se adscriba ao seu departamento.
- i) Calquera outra función que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os estatutos da UDC.

## **Artigo 22. Secretario/a do departamento.**

1. O/a secretario/a do departamento será nomeado polo reitor, por proposta do/a director/a do departamento de entre o profesorado e axudantes do departamento e dedicación a tempo completo.
2. O/a secretario/a redactará as actas das sesións, custodiará a documentación e expedirá certificacións.
3. Exercerá, así mesmo, calquera outra función que lle delegue o/a director/a de departamento ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.
4. Os/as secretarios/as de departamento cesarán por pedimento propio, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, por proposta do/a director/a do departamento.
5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído/a polo membro do consello que decida o/a director/a, que reúna na súa persoa a condición de profesor/a ou axudante.

## **TÍTULO III. DAS SECCIÓNS DEPARTAMENTAIS**

### **Artigo 23. Creación.**

Por proposta do profesorado interesado, e logo do informe do departamento, o Consello de Goberno poderá crear sección departamentais cando así o aconsellasen razón xeográficas, a existencia de diversas áreas ou ámbitos de coñecemento ou o elevado número de PDI adscrito ao departamento.

### **Artigo 24. Organización.**

Cada sección deberá contar con un número mínimo de tres PDI. De entre o PDI adscrito á sección e por proposta desta, o Consello de Departamento nomeará unha persoa responsable que exercerá a representación da Sección Departamental.

## TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE DOCENTE

### Artigo 25. Principios xerais.

1. O departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida á formación integral e crítica do estudiantado e á preparación para o exercicio de actividades profesionais.
2. A docencia é un dereito e un deber do persoal docente e investigador do departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da Universidade da Coruña.
3. O departamento é o responsable da docencia de acordo cos planos de estudos das distintas titulacións en que imparta o seu ensino e o plano de ordenación docente aprobado polo Consello de Goberno.
4. O departamento está obrigado a garantir o ensino adscrito ás áreas de coñecemento que o integran. En caso necesario, o Consello de Departamento arbitrará as medidas oportunas que garantan a docencia ante situacións de urxencia.

### Artigo 26. Organización docente.

1. O Consello de Departamento, con carácter anual e antelación suficiente respecto ao comezo do seguinte curso académico, deberá polo menos:
  - a) Revisar e aprobar os programas das materias ao seu cargo, evitando vacíos ou duplicidades.
  - b) Revisar e aprobar as guías docentes das materias ao seu cargo.
  - c) Determinar as actividades esixidas polos planos de estudo.
  - d) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o profesorado.
  - e) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.
2. As obrigas docentes do profesorado computarán anualmente.
3. O Consello de Departamento planificará as actividades docentes do profesorado visitante e emérito, que poderán estar dirixidas principalmente á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización.

## TÍTULO IV. DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

### Artigo 27. Principios xerais.

1. O departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia social do coñecemento. E para tal efecto promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación así como a formación dos/as seus/súas investigadores/as.

2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva.

3. O departamento garantizará que todos os fondos bibliográficos e infraestruturas para a investigación estean a disposición de todos os profesores ou investigadores do departamento.

4. Os departamentos apoiarán programas de investigación onde se recollerán as liñas de investigación, os proxectos e mais os recursos de persoal e material necesarios.

## **TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO**

### **Artigo 28. Recursos económicos.**

1. Para a realización das actividades docentes e investigadoras o Departamento de Química dispón:

- a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
- b) Dos recursos que nos orzamentos da Universidade da Coruña se lle asignen.
- c) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.

2. Corresponde aos órganos de goberno do departamento velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos a este. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos a el, e será supervisada pola dirección do departamento.

### **Artigo 29. Competencias en materia económica.**

O Consello de Departamento adoptará anualmente os criterios para a asignación dos recursos do departamento que serán destinados ao funcionamento deste e á atención das tarefas docentes e investigadoras das áreas de coñecemento que o integran.

## **TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

### **Artigo 30. Iniciativa de reforma do regulamento.**

Poderán propor a reforma do presente regulamento un terzo dos membros do Consello de Departamento. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao/á director/a.

### **Artigo 31. Tramitación de reforma do regulamento.**

O texto da proposta de reforma será enviado polo/a director/a aos membros do Consello, que disporán de quince días para presentaren emendas. Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria do Consello para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria xuntaranse as emendas presentadas, que serán sometidas a debate e votación.

### **Artigo 32. Aprobación da proposta de modificación do regulamento.**

Para a modificación do regulamento requirirase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros do Consello e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

### **PRIMEIRA. Derrogatoria.**

Queda derogados os anteriores Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Química Analítica, Química Física e Enxeñaría Química 1 e Química Fundamental.

### **SEGUNDA. Entrada en vigor.**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, e seralles de aplicación aos órganos do Departamento.